

Acordo do 26 de agosto de 2024, da Dirección Territorial da Coruña, que sinala data para o pagamento do prezo xusto por expropiación, no concello de Sada (expediente IN407A 2021/15-1).

De conformidade co disposto nos artigos 48.1 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 48.2, 49, 50 e 51 do seu Regulamento do 26 de abril de 1957, esta dirección territorial acorda sinalar o día 6 de novembro de 2024, a partir das 10:00 horas nas dependencias do Concello de Sada, para que o pagador da entidade beneficiaria UFD Distribución Electricidad, SA proceda ao pagamento do prezo xusto e intereses, por expropiación e imposición de servidumes de paso da instalación eléctrica denominada Reglamentación LMT. SAD713 apoio 1, no concello de Sada (expediente IN407A 2021/15-1), ás persoas propostas como propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas, ás que igualmente se lles dirixirá notificación individual ao efecto.

Así mesmo, cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar, publicarase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, 26 de agosto de 2024

Isidoro Martínez Arca
Director territorial da Coruña

